

CONCERTO HOMENAXE A JOSÉ GIL

SAN SADURNIÑO 3/09/2023

Elaborado e dirixido por **Francisco San Ramón**

Interpretado pola **Xove Banda de Narón**

Lugar: Adro do Convento do Rosario. San Sadurniño as 13:00h.



PRÓLOGO

José Gil ademais de cineasta era un melómano empedernido. Dende cativo viviu enxergado coa música na parroquia de Rubiós, a través do cura párroco Evaristo Serra e a mítica **Banda de música de Rubiós** ao carón da súa casa. Gil afinaba pianos, tocaba o violín, sabía construír órganos de igrexa e compoñer música. Nas primeiras fotografías que tirou abundan os grupos musicais e no logotipo impreso das súas fotos figuraba unha lira en lugar da tópica paleta de pintor.

As súas fillas tamén cantaban e tocaban o piano e o violín. Sempre sonaba a música na casa familiar, como podemos comprobar na visita da gran violinista internacional Cristeta Goñi reflectida nas fotografías en "*Vida gallega*" (1909). Así mesmo, foi un acompañamento imprescindible dos filmes silentes que proxectaba nos cinemas que xestionou, onde tamén ofertaba concertos radiofónicos. Ata o fin dos seus días teimou por construír un filme musical en colaboración co músico José Iglesias Sánchez en 1933.

O programa do concerto está baseado nas achegas que apareceron ao longo da investigación e son pezas acreditadas que Gil escoitou ao longo da súa vida ou gardan relación co cineasta. Pretenden ser un programa de 60 minutos que poderíase titular "*As músicas de Gil*". A programación e a duracións dependen moito do repertorio propio e a interpretación de cada agrupación musical. O obxectivo do concerto é achegarse á vida de Gil a través da música.

PROGRAMA:

1.- "**Feiticeira (Xota)**" de José Carracedo. Guláns, Pontearreas (1951). Música popular galega que evoca a aldea e a humilde casa onde nace José Gil en Rubiós (As Neves) en 1870, así como os seus inicios na Banda popular da súa patria da infancia, percorrendo festas e romarías do Condado e Paradanta.

2.- "**Yorckscher Marsch**" de Ludwig van Beethoven. Bonn, (1770- 1827). A canción evoca a súa estadía de mozo durante o esplendor do Balneario de Mondariz; imaxinamos os paseos da xente elegante que frecuenta o ambiente balneario e saúdanse cortesmente, mentres a banda toca no palco música selecta procedente de Europa. Aquí toma contacto co mundo exterior e as músicas cultas de todo o planeta. Os seus ollos ábrense para comprender a sociedade contemporánea nos inicios do século XX. Gil é un rapaz de aldea que descubre a modernidade mentres aprende o oficio fotográfico no entorno de Mondariz.

3.- "**As Penelas**" de Felisindo Pérez Seara. A Mezquita, Ourense, (1926-2007). As atrasadas cidades galegas espertan e medran grazas o ferrocarril. O rexionalismo tamén se insire na música culta e desenvolve a mirada cara nós e as raíces da música galega. Nesta canción evocamos o *descubrimiento* de Galicia polo fotógrafo Gil en Lugo, Ourense, Vigo, etc, a través do tren. Todas as artes en Galicia procuran a modernización a comezos do século XX.

4.- "**Sway**" de Pedro Beltrán. México, (1915-2008). Homenaxe á modernidade de Vigo na década de 1910-1920. Gil vive e trunfa na gran urbe viguesa á que chegan todas as novidades a través do mar: cine, jazz, teléfono, coches, tranvías, barcos, radio, etc. Gil comeza a filmar películas coa súa cámara Gaumont. A música evoca a vida trepidante da cidade olívica e tamén a súa relación con América. Música que evoca os novos aires de ragtime e jazz procedentes do continente americano. Ao tempo, moitas das películas filmadas por Gil en Galicia viaxan ata os cinemas de Bos Aires, Habana ou Montevideo. Por vez primeira, América coñece Galicia a través do cinema.

5.-“**A Salzburg Impression**” de Dizzy Stratford, pseudónimo de Jacob de Haan, (1959). Baseado nun tema de Mozart. Coa peza evocamos a afección das fillas de Gil pola música que habitaba na súa feliz casa viguesa da rúa Príncipe, que recende a música. Lembramos aquí o ambiente dunha casa melómana, onde as fillas, María, Rosa e Pepita, tocan unha e outra vez o violín e o piano perfectamente afinados por Gil pezas de Mozart ou Chopín. O músico polaco falecerá da mesma enfermidade que as fillas de José Gil a comezos de 1920.

6.-“**Balada Galega**” de Juan Montes. Lugo, (1840-1899). Lembramos aquí a morte das súas tres fillas: María, Rosa e Pepita, aos 18 anos, por tuberculose. As tres visitas da morte enchen a casa de sombras e dor infinita no corazón do cineasta, ata a súa aniquilación persoal e profesional pola perda dos seus “tesouros” como chamaba ás nenas.

7.- “**Anmerland**” de Jacob de Haan, Holanda (1959). A profunda melancolía de José Gil na súa estadía en Ponteareas, mentres segue a vivir na escuridade pola perda das fillas. Lentamente vai saíndo da negrura na que estaba instalado. Aos poucos, o cinema axúdao a revivir e erguerse de novo. O cinema vai ser o seu refuxio; o cineasta rexurde como ave fénix.

8.-“**Mozos do Penedo**” de Manuel Novoa. Rubiós, As Neves (1911-1973). Evocamos aquí a afouteza de Gil a pesares da traxedia persoal vivida. Adícase ao cinema en exclusiva e retorna como cineasta a Vigo. Filmar faille esquecer a súa tristura e a vida retorna aos poucos. Semella que ten gañada a inmortalidade que outorga o cinema. A canción evoca a súa resiliencia, mentres segue a vivir na escuridade pola perda das fillas. Aquela tristeza profunda esvaece lentamente grazas ao cinema. Será o seu refuxio e o alento para vivir ate a chegada do cine sonoro.

9.- “**Getsemani**” de Ricardo Dorado Jaimeiro. A Coruña, (1813-1884). O día 1 de xaneiro de 1937 fina José Gil, arruinado e case en soidade en Vigo. Ao día seguinte fixo a súa derradeira viaxe en coche nunha sinxela caixa de pino para reunirse definitivamente coas súas adoradas fillas no cemiterio de Pereiró. O enterro foi moi modesto e con escasa asistencia popular. Mentres, á mesma hora, uns metros mais abaixo, no Teatro García Barbón, escoitábase o Tannhäuser de Wagner interpretado pola orquestra dos Requetés de Pamplona. O teatro resplandecía ateigado polas autoridades locais, os Bispos de Madrid-Alcalá e de Tui e o máis granado e chic da burguesía viguesa entre bandeiras da Alemaña nazi, Italia fascista e a Falange Española.

10.- “**Himno galego**”. Pascual Veiga. Mondoñedo, (1907-1988). Escoitado por Gil en numerosos actos ao longo da vida. Representa o amor que Gil sentía pola súa patria a partir do “*cinema rexional Galego*”. A peza recupera a súa memoria no Olimpo da cultura galega.



VÍA LÁCTEA
FILMES